

Asistentes:

- D. Gaspar Pérez Camero (Presidente).
- D<sup>a</sup> Raquel Calleja Modia (Secretaria).
- D. Angel Fco. Vilas Fernández (Estamento de Deportistas)
- D. Juan V. Rodríguez Rey (Estamento Entidades Deportivas: Club Xadrez Círculo Ferrolano).
- D. Antonio Espiñeira Cajaraville (Estamento Entidades Deportivas: Escola xadrez Padrón).
- D. Miguel Reboredo Otero (Estamento Entidades Deportivas: ACD Albatros).
- D. Jesús Rodríguez Pérez (Estamento Entidades Deportivas: Club Xadrez Brétema).
- D. Jose Manuel Fernández Rodríguez (Estamento Entidades Deportivas: Club Xadrez Laroca).

En Vigo, ás 17:00 horas do 13 de Xaneiro de 2022, e coa asistencia dos membros mencionados na marxe, celébrase xuntanza da comisión delegada da Federación Galega de Xadrez, coa seguinte

Orde do día:

1. Estudio do comezo das competicións 2022 coa situación actual. Aprobación, se procede.
2. Formato, restriccións e comezo competición da Liga 2022. Aprobación, se procede.
3. Outros asuntos e propostas.

Entregada toda a documentación relativa a esta xuntanza, iníciase a mesma seguindo os puntos da orde do día.

**1. Estudio do comezo das competicións 2022 coa situación actual. Aprobación, se procede.**

Debido á situación sanitaria actual, plantéxase retrasar o comezo da competición (Campionatos Provinciais e Liga Galega por equipos de Club).

A Liga Galega comezaría o 12 de Febreiro de 2022 con término o 23 de Abril de 2022.

As datas de celebración/organización dos Campionatos Provinciais quedarían: 29 e 30 de Xaneiro; 05, 06, 13 e 20 de Febreiro de 2022.

Mantense os días de celebración dos Campionatos Galegos de Idades para o Entroido e Semana Santa. Debido as medidas Covid a tomar, celebraranse no Hotel Scala. Se houbera problemas de espazo/habitacións no hotel ou restriccións para as datas do Entroido, estudaríase trasladar o Campionato Galego Sub-08 aos días 16 e 17 de Abril de 2022.

Non habendo máis propostas nin dúbidas, pásase á votación.

Apróbase por unanimidade.

**2. Formato, restriccións e comezo competición da Liga 2022. Aprobación, se procede.**

Formato Liga Galega 2022: dependendo do número final de equipos que se inscriban en cada categoría, xa que o prazo non remata ata o 16/01/2022; o formato aprobado pola Comisión Delegada podería sufrir variacións.

A División que a día de hoxe ten confirmados a participación de todos os equipos é División de Honra (15/15). Por elo, os presentes deciden organizar os grupos de División de Honra atendendo ao aprobado pola AXE do 18/12/2021 e realizar a distribución xeográficamente. Os grupos de División de Honra 2022 quedarían da seguinte maneira:

Grupo A (Norte): Algalia, Círculo Ferrolano A, ClubExa, E.L.X. Seguros Arango, Padrón A – Sociedad Cultural Padronesa, USC e o Toque Xiria Carballo A.

Grupo B (Sur): Círculo Chantadino xadrez Dragan Paunovic, Club Deportivo xadrez Ourense A, CXF – Viajes Interrias Sanxenxo, Laroca-Nigran A, Liceo Grupo A. Postal, Xadrez Verín A e Xadrez: estratexia pola paz.

Quedando a sorteo o equipo Club Xadrez Rianxo debido a súa situación xeográfica. Realizado o sorteo, quedaría incluído no grupo B (Sur).

Polo que o Grupo B (Sur) quedaría formado por: Círculo Chantadino xadrez Dragan Paunovic, Club Deportivo xadrez Ourense A, CXF – Viajes Interrias Sanxenxo, Laroca-Nigran A, Liceo Grupo A. Postal, Xadrez Verín A, Xadrez: estratexia pola paz e Club Xadrez Rianxo.

Restriccións Liga 2022: presentase aos asistentes un borrador do protocolo FísioCovid para a Liga Galega, según o Protocolo FísioCovid-DXTGalego Xadrez aprobado pola Xunta e en vigor.



D. Jose Manuel Fernández Rodríguez pregunta que pasaría se un equipo non pode presentarse ao encontro debido a positivos Covid dos seus xogadores.

A idea da Federación, neses casos, será solicitar ao Delegado Covid do Club un certificado (publicarase un modelo) informando dos positivos. A Federación notificarallo aos órganos correspondentes da Xunta.

Por unanimidade, no protocolo Covid solicítase o seguinte: **se o equipo local non cumprira con ningún dos requisitos anteriormente descritos, o equipo visitante pode presentar reclamación (con reportaxe gráfico) e negarse a xogar o encontro.**

Comezo Liga 2022: comezaría o 12 de Febreiro de 2022.

D. Juan V. Rodríguez Rey propón baixar o ritmo de xogo de Terceira División, xa que non evalúase para elo Fide e pode reducir o tempo das partidas considerablemente, sobretudo, para os casos que teñan que xogar os domingos pola mañá.

Tamén propónse comezar as xornadas que teñan lugar os domingos ás 10:30 horas.

Non habendo máis propostas ao respecto, aprobase por unanimidade.

### 3. Outros asuntos e propostas.

Non hai.

Ao non haber máis propostas e asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18:30 horas.

D<sup>a</sup>. Raquel Calleja Modia  
Secretaria de FEGAXA



Vº e prace:

D. Gaspar Pérez Carnero  
Presidente da FEGAXA

Asistentes:

- D<sup>a</sup> Raquel Calleja Modia (Secretaria).
- D. Angel Fco. Vilas Fernández (Estamento de Deportistas)
- D. Juan V. Rodríguez Rey (Estamento Entidades Deportivas: Club Xadrez Círculo Ferrolano).
- D. Antonio Espiñeira Cajaraville (Estamento Entidades Deportivas: Escola xadrez Padrón).
- D. Jose Manuel Fernández Rodríguez (Estamento Entidades Deportivas: Club Xadrez Laroca).

En Vigo, ás 17:30 horas do 28 de Xaneiro de 2022, coa asistencia dos membros mencionados na marxe, celébrase xuntanza da comisión delegada da Federación Galega de Xadrez, coa seguinte

Orde do día:

1. Comezo das competicións 2022: estudio da liga galega. Aprobación, se procede.
2. Outros asuntos e propostas.

Entregada toda a documentación relativa a esta xuntanza, iníciase a mesma seguindo os puntos da orde do día.

Coa ausencia do Presidente, D. Gaspar Pérez Carnero, toma a palabra D. Ángel Fco. Vilas Fernández, Vicepresidente 1º da Federación Galega de Xadrez.

1. **Comezo das competicións 2022: estudio da liga galega. Aprobación, se procede.**

Debido a que o criterio xeográfico que estaba establecido no regulamento aprobado na Asemblea Xeral Extraordinaria (o 18/12/2021), non foi adaptado con exactitude na última reunión da Comisión Delegada cando realizouse o sorteo; xa que tomouse ao equipo Xadrez Rianxo como equipo basculante estando nun extremo e non tendo en conta outros equipos que teñen unha situación xeográfica máis óptima á hora dos desplazamentos; a Federación Galega de Xadrez recibiu varios escritos, por parte do Xadrez Verín, Círculo Chantadino e Xadrez Rianxo apelando á distribución xeográfica en canto aos kilómetros a realizar por cada equipo con Rianxo no grupo B e ao nivel competitivo dun grupo e doutro.

O tema en cuestión radica en atopar unha distribución que minorice o kilometraxe a todos os equipos que componen División de Honra.

A opción que se estudia é a seguinte: xa que cumpre a estrutura do Grupo A con 7 equipos e o Grupo B con 8 equipos:

| Grupo B                                 | Grupo A                                |
|---|--|
| Círculo Chantadino                      | Club Xadrez Fontecarmoa                |
| Cluc Xadrez Ourense                     | Clubexa                                |
| Liceo Ourensano                         | Padron                                 |
| EXP                                     | Toque Xiria                            |
| Algalia                                 | Club Xadrez Rianxo                     |
| Xadrez Verin                            | Escuela Luguesa Xadrez                 |
| Laroca Nigran                           | Círculo Ferrolano                      |
| <b>USC</b>                              |  |
| <b>5437 km ( /8 = 679km por equipo)</b> | <b>3992 (/7 = 570 km por equipo)</b>   |
| <b>63 h 40 min 7h 58 min por equipo</b> | <b>47h 20 min 6h 45 min por equipo</b> |

Trasladárase ao Club Xadrez Fontecarmoa e ao Xadrez Rianxo ao grupo A; e ao USC e Algalia ao grupo B.

D. Antonio Espiñeira Cajaraville propón volver a sortear a praza entre os equipos de Santiago (USC e Algalia), Padrón, Xadrez Fontecarmoa e Xadrez Rianxo.

D. Ángel Fco. Vilas Fernández resposta que ao facer o sorteo non se consegue a cercanía xeográfica que están plantexando os equipos perxudicados.

Tras valorar o tema entre os asistentes, pásase á votación:

Votos a favor: 3

Abstencións: 1

Quedando a División de Honra cá estrutura anteriormente descrita.



**2. Outros asuntos e propostas.**

Non hai.

Ao non haber máis propostas e asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18:20 horas.



D<sup>a</sup>. Raquel Calleja Modia  
Secretaria de FEGAXA



Vº e praxe:

D. Ángel Fco. Vilas Fernández  
Vicepresidente 1º da FEGAXA

